



**T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 3
A CORUÑA**

SENTENCIA: 00223/2022

PONENTE: D. LUIS VILLARES NAVEIRA

RECURSO: PROCEDIMIENTO ORDINARIO 7146/2021

RECURRENTE: COLEGIO OFICIAL DE VETERINARIOS DE PONTEVEDRA

Procurador: JUAN PEDRO PERREAU DE PINNINCK Y ZALBA

Letrado: OSCAR AITOR PISON DA SILVA

ADMINISTRACION DEMANDADA: CONSELLERIA DE SANIDADE

Procurador:

Letrado: ABOGACIA DE LA COMUNIDAD

A Sección 003 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pronunciou a

SENTENZA

Presidente:

Francisco Javier Cambón García

Maxistrados :

Juan Carlos Fernández López

Luis Villares Naveira (Relator)

A Coruña, 3 de xuño de 2022

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro-. Actividade administrativa impugnada. Posicións das partes.

A parte recorrente presenta unha demanda ante a Sala, que é agendada a esta Sección, sendo designado Maxistrado Relator Luís Villares Naveira.

A demandante impugna a inactividade administrativa da Consellería de Sanidade ante o requirimento formulado en data 13/3/2017 e reiterado o 17/12/2019 para que a administración aprobase unha disposición regulamentaria que desenvolvese o procedemento enunciado no art. 81.4. do Real Decreto 1132/2010, para a prescrición en farmacias de medicamentos de uso hospitalario con fins veterinarios.



Os argumentos en que se fundamenta o escrito da parte demandante son os seguintes:

- a) O Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra cursou numerosas peticións para que a administración desenvolvese o procedemento recollido no art. 81.4. RD 1132/2010 co obxecto de autorizar a venda de fármacos de uso hospitalarios para fins veterinarios, para evitar a negativa que na provincia de Pontevedra se vén producindo a instancias da Xunta a este respecto.
- b) A competencia para aprobar o procedemento corresponde á administración autonómica en virtude do art. 33 EAG. Numerosas CCAA xa teñen aprobado esta normativa dende hai máis dunha década, como é o caso de Andalucía ou Valencia.
- c) Actualmente, aínda que non existe normativa de desenvolvemento aprobada, só a provincia de Pontevedra ten recibidas ordes de prohibición desa dispensa, que non se produce noutras provincias.

A demandada oponse ás pretensións actoras polos seguintes motivos:

- a) Consonte co informe da Subdirección Xeral de Farmacia do 5/3/2021, ante a ausencia do procedemento, non se está obrigando a realizar solicitude, validación ou aprobación por ningunha autoridade competente previa á prescrición, dispensación ou autorización.
- b) Non existe inactividade administrativa porque non se dirixiu á solicitude competente, xa que neste caso sería precisa a intervención de tres consellerías, non só a de Sanidade; porque non hai obrigatoriedade legal de ditar esta disposición e porque non se recolle un prazo para o desenvolvemento da previsión contida no art. 81.4. Non se cumpren os requisitos do art. 29.1. LXCA para considerar concorrente a inactividade administrativa. A xurisprudencia non inclúe o presente entre os casos de condena fronte á omisión regulamentaria.

Segundo-. Tramitación procesual. Proba practicada e contía do procedemento.

Admitida a trámite a demanda e deducida polos trámites do procedemento ordinario, ten lugar a vista do xuízo o día 9/3/2022, na que se practica como proba a testemuña de XXX, ademais da documental que obra en autos.

A contía do procedemento fixouse como indeterminada.



Terceiro-. Feitos probados.

Resultou probado neste procedemento que:

- Entre o 15/6/2016 e o 10/2/2021 o Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra recibiu polo menos 17 queixas de profesionais denunciando que diversas farmacias da provincia de Pontevedra denegaban a subministración de determinados medicamentos hospitalarios para uso veterinario, alegando ter recibido instrucións da Consellería de Sanidade nese sentido.
- O Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra dirixiu escritos á Consellería de Sanidade nas datas 13/3/2017 e 17/12/2019 reclamando a emisión do acto que desenvolvese o procedemento previsto no art. 81.4. do RD 1132/2010.
- o 8/1/2018 o Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra iniciou un procedemento de queixa perante a Valedora do Pobo que rematou por resolución de data 11/4/2018 por ter constancia esta institución do compromiso de realización dos traballos necesarios para a aprobación do texto, por terlla así transmitido a Consellería de Sanidade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Antecedentes de interese para o procedemento.

Insta a demandante á Sala a condena de emisión dun acto regulamentario que non foi realizado pola a administración malia os sucesivos requirimentos do Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra.

Neste contexto non resultan controvertidas as xestións realizadas polo Colexio, entre elas as de 13/3/2017 e 17/12/2019 neste sentido, así como o procedemento cursado ante a Valedora do Pobo co mesmo obxecto.

A nivel normativo, non se discute a competencia da CA de Galicia en virtude do art. 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia para desenvolver a lexislación básica do Estado entre a que se atoparía o art. 81.4. do Real Decreto 1132/2010, do 10 de setembro, polo que se modifica o Real Decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios.

Segundo. Alcance do control xurisdiccional do deber da administración de ditar disposicións regulamentarias.

A demandante sostén que a falta de atención á súa solicitude de emisión de regulamento administrativo é un suposto encadrable dentro da inactividade tutelable xurisdiccionalmente consonte co art. 25 e 29.1. LXCA.

As pretensións da demandante están baseadas no que se vén denominando doutrinalmente "omisión regulamentaria" e que se ten formulado xurisdiccionalmente habitualmente en dúas formas impugnatorias, a saber: o rexeitamento dunha pretensión en vía administrativa fundamentada na ausencia de disposición regulamentaria que habilite a causa de pedir, ou o silencio ou rexeitamento da petición expresa de emisión dunha disposición de carácter xeral.

No caso que nos ocupa estamos ante esta segunda situación, o que será relevante para o exame que faremos do obxecto do litixio.

A. Doutrina xurisprudencial a respecto da tutela xurisdiccional da omisión regulamentaria.

A doutrina xurisprudencial a respecto do control xurisdiccional da omisión regulamentaria resúmese en que os tribunais non poden esixir á administración que dite a disposición xeral, por formar parte do núcleo de decisión política inherente á acción de goberno, agás en dous supostos: a obrigaón directamente nacida da CE, norma con rango de lei ou Dereito da UE; ou cando a omisión denunciada supón a creación implícita dunha situación contraria ao ordenamento xurídico.

Expona nestes termos a recente STS nº 194/2022, de 17 de febreiro (ROJ: STS 670/2022 - ECLI:ES:TS:2022:670):

"SÉTIMO.- A xurisprudencia desta Sala Terceira

Convén comezar coa nosa xurisprudencia sobre o alcance do axuizamento cando se aduce unha omisión regulamentaria.

*A xurisprudencia desta Sala Terceira, respecto do control xurisdiccional das omisións regulamentarias, ten un **carácter restritivo**, pois vimos declarando que a estreita vinculación da potestade regulamentaria coa función constitucional de dirección política do Goberno, recoñecida no artigo 97 da CE, dificulta que o autor da*



disposición de carácter xeral poida ser forzado polos Tribunais para exercer a potestade regulamentaria nun sentido predeterminado, impondo modificacións, adicións ou complementos que dificilmente resultan compatibles co artigo 71.2 da LXCA.

Neste sentido, en sentenzas do 5 de novembro de 2013 (recurso de casación nº 5886/2009) e do 25 de novembro de 2014 (recurso contencioso-administrativo nº 52/2004), entre outras, sinalamos que a declaración xurisdiccional de invalidez dunha disposición xeral por razón dunha omisión regulamentaria, con todo, pode ser apreciada en dous casos. Cando a mesma incorra nun incumprimento dunha obrigaón expresamente prevista pola Constitución, a Lei ou as normas de Dereito da Unión Europea, ou cando esa omisión ou silencio regulamentario supoña a creación implícita dunha situación xurídica contraria ao ordenamento xurídico.

Sen que esta caracterización da fiscalización xudicial das omisións regulamentarias supoña, de ningún xeito, un control xudicial sobre a predeterminación do contido da norma. Convén non esquecer que o artigo 71.2 da LXCA dispón que " 1 Os órganos xurisdiccionais non poderán determinar a forma en que han de quedar redactados os preceptos dunha disposición xeral en substitución dos que anularen (...)". De modo que o labor de substituír ou engadir contidos á norma regulamentaria aprobada non é un labor que corresponda aos órganos xurisdiccionais. A potestade regulamentaria, en definitiva, é unha actividade discrecional, aínda que, naturalmente, sometida, polo que fai ao caso, á proscrición xeral da arbitrariedade e ao principio de xerarquía normativa (artigo 9.3 da CE).

Neste sentido, vímonos pronunciando desde as sentenzas do 7 de outubro de 2002 (recurso contencioso administrativo nº 48/1999) e do 28 de xuño de 2004 (recurso contencioso administrativo nº 74/2002) e as citadas nelas. Doutrina seguida noutras do 19 de febreiro de 2008 (recurso contencioso administrativo nº 95/2007), do 19 de novembro de 2008 (recurso contencioso administrativo nº 55/2007), do 3 de marzo de 2010 (recurso contencioso administrativo nº 4/2008), do 3 de maio de 2012 (recurso contencioso administrativo 29/2008), cando declaramos que " a doutrina desta Sala é, sen dúbida, restritiva en relación co control das omisións regulamentarias, tanto desde o punto de vista formal do seu acceso á xurisdición como desde o punto de vista material ou substantivo, referido ao contido e alcance que corresponde á función revisora do

Tribunal. (...). En definitiva, como se dixo anteriormente, unicamente cabe apreciar unha ilegalidade omisiva controlable xurisdiccionalmente, cando, sendo competente o órgano titular da potestade regulamentaria para regular a materia de que se trata, a ausencia de previsión regulamentaria supón o incumprimento dunha obrigaón expresamente establecida pola Lei que se trata de desenvolver ou executar, ou cando o silencio do Regulamento determine a creación implícita dunha situación xurídica contraria á Constitución ou ao ordenamento xurídico. Aínda que, en ocasións, para a omisión regulamentaria relativa, o restablecemento da supremacía da Constitución ou da Lei, poida consistir en negar simplemente eficacia xurídica para o efecto derivado do devandito silencio do regulamento contrario ao ordenamento xurídico (Cfr. SSTS 16 e 23 de xaneiro de 1998 , 14 de decembro de 1998 e 7 de decembro de 2002) (Sentenza do 28 de xuño de 2004 recaída no recurso contencioso administrativo nº 74/2002)".

Con este estado actual da xurisprudencia, debemos analizar se nos atopamos ante algunha das excepcións positivas apuntadas.

B. Sobre a concorrencia da obrigaón directamente nacida da CE, Lei ou Dereito da UE. Existencia de obriga establecida en norma con rango de Lei.

O Real Decreto 1132/2010, do 10 de setembro, é unha disposición regulamentaria pola que se modifica o Real Decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios. Ambas as normas desenvolven á súa vez diversas disposicións con rango de Lei.

No caso do RD 1132/2010, segundo a súa propia Exposición de motivos, desenvolve a Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, máis concretamente o Título II, Capítulo III. A versión orixinal do RD 109/1995 no seu art. 81.4. non facía referencia á cuestión litixiosa (aínda que si a un regulamento comunitario, como logo se verá) polo que a redacción actual é consecuencia directa da modificación de 2010, polo que a única norma de rango legal na que se apoia directamente é a Lei 29/2006.

Esta norma é pois a base legal que desenvolve o precepto litixioso. Dentro dela, interésanos o art. 37, que indica, no que agora interesa, o seguinte:



"Artigo 37. Prescripción de medicamentos veterinarios.

1. Ao obxecto de protexer a saúde humana e a sanidade animal, **esixirase prescripción veterinaria** para dispensar ao público os seguintes medicamentos veterinarios:

e) Os medicamentos utilizados nos supostos de prescripción excepcional por baleiro terapéutico, incluídos os preparados oficinais, fórmulas maxistras e autovacinas.

3. Reglamentariamente establecerase o réxime de prescripcións excepcionais."

Pois ben, o art. 81.4. desenvolve esta lei nos seguintes termos:

"4. A prescripción excepcional, de acordo co apartado 1. b).1.º, dun medicamento de uso exclusivamente hospitalario, autorizado como medicamento de uso humano pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios ou autorizado pola Comisión Europea de conformidade co Regulamento (CE) n.º 726/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, só poderá realizarse polo veterinario e para o uso ou administración directamente por el mesmo do devandito medicamento, sempre baixo as adecuadas condicións e requisitos de uso expresamente previstos na autorización de comercialización, modificando os seus contidos no necesario, para a súa aplicación aos animais, e sempre que dispoña dos medios esixidos para aplicar o citado medicamento. Nestes supostos, a autoridade competente establecerá o procedemento e os controis necesarios para a subministración deste tipo de medicamentos.

En todo caso, o veterinario conservará un rexistro detallado dos medicamentos de uso exclusivamente hospitalario prescritos, fornecidos e aplicados ao animal, que estará ao dispor da autoridade competente durante un período de cinco anos."

No caso de autos atopámonos con que **unha norma con rango de Lei establece unha obrigaón**, a de prescripción veterinaria para acceso a determinados medicamentos, entre eles os de prescripción por baleiro terapéutico **e para ese acceso establécese un desenvolvemento regulamentario**. Ese desenvolvemento é realizado parcialmente polo Goberno do Estado no RD 1132/2010 pero non todo, porque só o fai nos seus elementos *básicos*, deixando á autoridade autonómica competente a articulación do procedemento e controis, a partir das pautas

substantivas indicadas na Lei e no propio RD. O lexislador e o goberno exerceron as competencias de carácter básico (art. 149.1.16ª CE) e correspóndelle ao goberno autonómico o exercicio das competencias de execución (art. 33.3. do EAG).

Hai pois un mandato legal claro imposto hai case doce anos á Administración autonómica, se ben a norma básica non impón prazos de execución regulamentaria, nin a de rango legal nin a de regulamentario.

C. A obriga legal incide na concorrencia de menoscabo de deberes e dereitos.

Este mandato legal carente de desenvolvemento suficiente no resulta indiferente do punto de vista da esfera dos deberes e os dereitos, porque ten unha incidencia directa no exercizo da profesión veterinaria, no benestar animal e os dereitos das súas persoas posuidoras.

En efecto, esta situación en que baixo a falta de desenvolvemento legal impide a dispensa de certos medicamentos está producindo un prexuízo concreto ao colectivo ao que representa a recorrente, posto que resulta acreditado mediante a documental achegada como nº 11 coa demanda (ff. 114 a 117) que numerosos profesionais veterinarios están vendo rexeitadas as súas solicitudes ás farmacias por indicación da Consellería de Sanidade. Desta situación dá conta tamén a declaración testemuñal.

Neste sentido, XXX, Xefa do servizo de planificación, aseguramento e Ordenación Sanitaria da Consellería de Sanidade en Pontevedra dende 2019 recoñece descoñecer antes desa data como estaba a situación, pero preguntada a partir dese momento, manifesta que *"Entonces, desde esa fecha siempre hemos trasladado peticiones que nos han hecho, las consultas..., al Servicio de Santiago de Calidade y Seguridade del Medicamento y Productos Sanitarios, y ellos digamos **no nos han dado una contestación en un sentido u otro**. Y yo me remito a su pregunta al informe que elaboró la Subdirección Xeral de Farmacia, no puedo pronunciar en otro sentido"*. Esta resposta implicitamente recoñece que non se atenderon as peticións cursadas por particulares e Colexio sobre este tema mesmo a día de hoxe.

A declarante remítese ao Informe emitido pola Subdirección Xeral de Farmacia de data 5/3/2021 que fundamenta tamén o escrito de contestación da demanda, onde se indica, no que agora interesa, e en referencia ao desenvolvemento ao que se



refiere o art. 81.4. que "Sin embargo, en ausencia de procedimiento, en todo el proceso de prescripción, dispensación y administración de medicamentos de uso humano de uso hospitalario a animales como prescripción excepcional, no se exige en ningún caso la realización de una solicitud, validación o aprobación por ninguna autoridad competente previo a la prescripción, dispensación o administración. La única referencia legal a este respecto es que "el veterinario conservará un registro detallado de los medicamentos de uso exclusivamente hospitalario prescritos, suministrados y aplicados al animal, que estará a disposición de la autoridad competente durante un período de cinco años".

Malia o contido do informe e da contestación á demanda, o certo é que tanto con base nas numerosas denuncias recollidas no Doc. 11 que non foron cuestionadas de contrario, como pola propia declaración da testemuña, onde reconece que trasladou a cuestión a outro órgano e que nunca recibiu contestación (o que significa á súa vez que nunca respondeu áos requirimentos de veterinarios e persoal farmacéutico levantando a prohibición que orixinaba a queixa), cabe declarar como feito probado que na provincia de Pontevedra se está denegando a obtención de medicamentos hospitalarios para uso veterinario suxeitos a prescripción profesional, mediante indicacións ás farmacias para que non o dispensen. Esta declaración é compatible coas afirmacións do Informe e a posición da demandada afirmando que non está habendo problemas coa dispensación destes medicamentos, na medida en que en realidade isto está sucedendo unicamente na provincia de Pontevedra, e ante a ausencia de procedemento aprobado ao efecto, o Informe remite aos requisitos substantivos que afirma que son suficientes para o trámite, algo que a Sala non comparte pola numerosa proba presentada pola demandante da que estamos dando conta, incluída a testemuñal da Xefa Provincial de Pontevedra na área afectada, que evidencian que en realidade si se están producindo prexuízos para o exercicio da profesión derivados da acreditada prohibición de dispensa destes medicamentos nas farmacias nunha parte do territorio da Comunidade Autónoma.

Do anterior se conclúe a existencia dunha omisión regulamentaria que está impediendo que o lexítimo exercicio da profesión veterinaria na provincia de Pontevedra se poda desenvolver nos parámetros impostos pola Lei 29/2006 e o RD 1132/2010, que requiren, para a adecuada subministración de determinados medicamentos, a existencia dun procedemento de dispensa e control da prescripción veterinaria, co obxecto de protexer "a saúde humana e a sanidade animal".

Ademais, esta mención do art. 37.1. da lei non é inocua tampouco para outros dereitos de terceiros, porque a falta de desenvolvemento compromete a sanidade animal, concretamente a daqueles animais precisados do tratamento para o cal existe baleiro terapéutico no sentido expresado no art. 81.4. RD. Esta omisión á súa vez é dobremente significativa na esfera dos dereitos.

Dunha banda para a persoa propietaria do animal que vai sufrir un prexuízo derivado da falta de administración do medicamento, que pode redundar na expectativa de vida ou no seu benestar, podendo causar non só danos ao seu patrimonio senón tamén sufrimento polo vínculo co animal;

E doutra banda, porque a falta do medicamento supón un menoscabo inxustificable do benestar ou a sanidade dun ser sentinte, categoría diferente e superior ás cousas recoñecida dende a Lei 17/2021, do 15 de decembro, de modificación do Código Civil, a Lei Hipotecaria e a Lei de Axuizamento Civil, sobre o réxime xurídico dos animais, "*en tanto que seres vivos dotados de sensibilidade*", como indica a súa Exposición de motivos e o art. 333.bis 1 do Código Civil. A falta de subministración dun medicamento prescrito veterinariamente redunda en prexuízo dun ser que sente, e polo tanto na perda do seu benestar.

Obviar esta circunstancia supón tamén un desleixo inxustificable en relación á esixencia que en materia de benestar animal impón o art. 13 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, que sinala que: "*Ao formular e aplicar as políticas da Unión en materia de agricultura, pesca, transporte, mercado interior, investigación e desenvolvemento tecnolóxico e espazo, a Unión e os Estados membros terán plenamente en conta as esixencias en materia de benestar dos animais como seres sensibles*". Non debemos esquecer, a este respecto, que o propio RD 109/1995 promúlgase como consecuencia da incorporación ao Ordenamento español do Regulamento (CEE) núm. 2309/93 do Consello, do 22 de xullo de 1993, polo que se establecen procedementos comunitarios para a autorización e supervisión de medicamentos de uso humano e veterinario e polo que se crea a Axencia Europea para a Avaliación de Medicamentos, hoxe substituído polo Regulamento (CE) n° 726/2004 de 31 de marzo de 2004, incorporada parcialmente na Lei 29/2006, da que emana a prescrición cuxa omisión regulamentaria aquí é obxecto de impugnación.

En definitiva, hai unha omisión regulamentaria que implica o incumprimento dunha obrigaón de rango legal sinalada no art. 37.3. en relación ao apartado 1.e) da Lei 29/2006, a consecuencia do cal se dificulta o normal exercicio da



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

profesión veterinaria nunha parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que se proxecta directamente sobre o menoscabo da sanidade e o benestar animal, e que ten capacidade para causar sufrimento e danos na esfera patrimonial da persoa propietaria do animal.

Polas anteriores consideracións, a Sala considera que estamos ante unha das excepcións xurisprudencialmente previstas na doutrina enunciada: incumprimento dunha obrigaón expresamente prevista pola Lei.

Aínda que se acaban de expoñer dereitos e deberes que se poden ver menoscabados como consecuencia da falta de desenvolvemento da lei, a argumentación ofrécese en relación á xustificación de que a omisión regulamentaria non é unha situación que resulte inocua dende o punto de vista dos dereitos, senón que a súa ausencia incide materialmente no desenvolvemento de deberes (o de exercizo da profesión veterinaria conforme os termos que indica a propia lei) e de dereitos sobre os que se proxecta a imposibilidade de cumprimento dese deber. Pola contra, non podemos entrar a analizar a concorrencia da segunda das excepcións, porque non foi obxecto de impugnación unha denegación de dispensa de medicamento en concreto, e polo tanto non podemos avaliar se esa denegación supón a creación dunha situación xurídica contraria ao Ordenamento xurídico, nos termos expostos na xurisprudencia.

D. Concreción da obriga de emisión da disposición regulamentaria.

Para os casos de condena a unha emisión regulamentaria, resulta de interese traer a colación a STS nº 1694/2020 de 10 de decembro (ROJ: STS 4257/2020 - ECLI:ES:TS:2020:4257), cando no seu FX 4º, con condensación da doutrina xurisprudencial vixente indica que: *"3ª) que pode resultar viable unha pretensión de condena á Administración a que elabore e promulgue unha disposición regulamentaria, e mesmo a que esta teña un determinado contido, na medida que se constate e declare a efectiva existencia dunha obrigaón ou deber legal de ditar a norma regulamentaria nese determinado sentido."*

Para o caso de autos, a condena á Administración consistirá exclusivamente en establecer o *procedemento* e os *controis necesarios* (en termos do RD) para a subministración dos medicamentos aos que se refire o art. 81.4. do RD 1132/2010, como expresión da obriga que emana directamente do art. 37.3. da Lei 29/2006.

Non hai lugar a que a Sala indique a forma que deberá adoptar o devandito procedemento, tendo en conta ademais que segundo consta da documentación acompañada coa demanda, as diferentes CCAA con competencias na materia o teñen desenvolvido con distintos instrumentos en función da súa lexítima opción na acción de goberno.

En canto ao **prazo** para a súa emisión, dado o tempo xa transcorrido de case doce anos dende a vixencia do RD, estímase prudente o de seis meses, tendo en conta os arts. 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sobre a competencia do órgano do que se require a emisión do acto, e ante as dúbidas suscitadas no informe que acompaña a contestación á demanda, debe sinalarse que, tal como consta aos ff. 106 a 109 de autos, o 8/1/2018 o Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra iniciou un procedemento de queixa perante a Valedora do Pobo que rematou por resolución de data 11/4/2018 por ter constancia esta institución do compromiso de realización dos traballos necesarios para a aprobación do texto, por terlla así transmitido a propia Consellería de Sanidade. Neste escrito (Antecedente 2) dáse conta das explicacións relativas a que o inicio do procedemento pode corresponder a este departamento xa que unha vez formulado un texto por ela foi remitido ao de Medio rural para o exame e adecuación que corresponda no seu ámbito propio de competencia. Polo tanto non cabe dúbida de que por máis que haxa algunha outra consellería con competencias na materia, a de Sanidade osténtaa para iniciar os trámites tal como lle faculta o art. 40.1.a) da Lei 16/2010.

Terceiro. Sobre as custas do procedemento.

De conformidade co establecido no artigo 139.1 da LXCA, o acollemento das pretensións da parte demandante determina a imposición as custas devindicadas no presente recurso á parte demandada. Establécese asemade unha **limitación** da contía de 1200 euros por todos os conceptos, en atención á materia obxecto do recurso así como o esforzo probatorio realizado polas partes.

Logo de ver os artigos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, este Tribunal dita a seguinte



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACION
DE XUSTIZA

DECISIÓN

Que, con **acollemento** do presente recurso contencioso-administrativo PO nº 7146/2021 interposto contra a inactividade administrativa da Consellería de Sanidade ante o requirimento formulado en data 13/3/2017 e reiterado o 17/12/2019 para que a administración aprobase unha disposición regulamentaria que desenvolvese o procedemento enunciado no art. 81.4. do Real Decreto 1132/2010, para a prescrición en farmacias de medicamentos de uso hospitalario con fins veterinarios, debemos:

Primeiro: declarar a desconformidade a dereito da inactividade e **condenar** á Consellería de Sanidade a **establecer o procedemento e os controis** necesarios para a subministración dos medicamentos aos que se refire o art. 81.4. do Real Decreto 1132/2010, do 10 de setembro, polo que se modifica o Real Decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios.

Segundo: Impoñer as custas deste procedemento á parte demandada.

Réxime de recursos: Contra esta sentenza cabe **recurso de casación ordinario** nos termos establecidos no art. 86 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, dentro do prazo de trinta días computados dende o seguinte á súa notificación, que se preparará ante esta Sala, a medio de escrito presentado cos requisitos indicados no art. 89.

Así o pronunciamos, mandamos e asinamos.